



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 13/2.017

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE ORDES, A CORUÑA, O DIA SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a sete de abril de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en sesión ordinaria en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ordes, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros:

- D^a. ANA M^a SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.

Asiste o Sr. Secretario do Concello D. Juan Luis González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada non pública pola Presidencia ás quince horas previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar ós demais membros da Xunta de Goberno Local se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, celebrada o día 31 de marzo do ano en curso, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo elo ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Non producíndose ningunha observación, a acta da sesión ordinaria, de data 31 de marzo de 2.017, foi aprobada por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal de membros desta Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO: XESTIÓN PADRÓN TRIBUTARIO DA TAXA POLA PRESTACIÓ DO SERVIZO DE RECOLLIDA LIXO.

Solicitude presentada por **P.C.L.** con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, de baixa de **M.L.R.**, con DNI nº 00000000, como suxeito pasivo no padrón tributario da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, domicilio tributario Lg. Portela, 3, Leira, Ordes, matrícula: 253000438500.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, aínda que eventualmente e por vontade do usuario non se faga uso do servizo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais situados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou precarista. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude será suxeito pasivo o solicitante ou causante da prestación.

Visto o establecido no art. 6 (devengo e período impositivo) da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Visto que **M.L.R.**, con DNI nº 00000000, causou baixa por defunción no padrón municipal de habitantes, con data 22/12/2008.

Visto que **P.C.L.**, con DNI nº 00000000, segundo escritura pública de data 25/02/2012, protocolo nº 212, de entrega de legado e adxudicación de herdanza é propietaria da vivenda existente en Lg. Portela, 3, Leira, Ordes.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Proceder á baixa como suxeito pasivo, **con efectos de 01/01/2017**, no padrón tributario da taxa pola prestación servizo de recollida de lixo, domicilio tributario en Lg. Portela, 3, Leira, Ordes, matrícula: 253000438500, de **M.L.R.**, con DNI nº 00000000.

2.- Proceder á alta como suxeito pasivo, **con efectos de 01/01/2017**, no padrón tributario da taxa pola prestación servizo de recollida de lixo, domicilio tributario en Lg. Portela, 3, Leira, Ordes, matrícula: 253000438500, de **P.C.L.**, con DNI nº 00000000.

PUNTO TERCEIRO: UTILIZACIÓN DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO.

Solicitude presentada por **ASOCIACIÓN CULTURAL BRISAS DO QUENLLO**, con CIF nº G15775422, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, de autorización de actuación musical eventual na rúa sen instalación dun grupo de pandeiretas na Feira de Ordes o día 12 de abril de 2017, como actividade difusora da música e cultura tradicional.

Visto o disposto nos arts. 75.2, 77 e 78 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño.

Vista a finalidade perseguida coa actividade, así como os seus destinatarios.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Autorizar a actuación musical eventual na rúa dun grupo de pandeiretas na Feira de Ordes o día 12 de abril de 2017, axustada ás condicións seguintes:

- Lugar: rúa da Feira e rúa do Muíño, Ordes.
- Horario: de 10:00 a 15:00 horas.
- Non poderá instalarse ningunha estrutura eventual, portátil ou desmontable.
- A autorización é única e exclusivamente para a finalidade concedida, a realización de calquera outro tipo de actividades requirirá a previa autorización do Concello.
- Non afectará a utilización deste ben municipal para outras actividades nel previstas.
- A autorización supón unha mera tolerancia esencialmente revogable por esta entidade local en calquera momento, sen que exista dereito a indemnización.
- O autorizado asume a responsabilidade do mantemento do ben municipal, así como a indemnización de calquera dano ou desperfecto que se lle ocasione.
- Deberá ter contratada unha póliza de seguros de responsabilidade civil, xeral e patronal que cubra a actividade a realizar.
- O Concello non dirixe nin presta conformidade á actividade a realizar no espazo autorizado.
- O Concello non se fai responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que poidan producirse como consecuencia da actividade realizada.

PUNTO CUARTO: AUTORIZACIÓN, SE PROCEDE, SUBMINISTRO DE AUGA E SANEAMENTO.

Solicitudes de autorización de servizos de auga e saneamento.

Vistos os informes do concesionario do servizo de abastecemento e saneamento de auga.

Visto o disposto nos arts. 8, 13, 14, 22.a, 34 e 40 do Regulamento do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento de Ordes.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Autorizar o subministro de auga e saneamento ós usuarios e para os usos seguintes:

- M.P.F., con DNI nº 00000000, alta de auga doméstica, rúa Alfonso Senra, 67, 3º C, Ordes.
- M.F.R., con DNI nº 00000000, alta de auga industrial, en rúa do Muíño, 26, baixo, Ordes.
- M.E.V.F., con DNI nº 00000000, alta de saneamento doméstico, en Lg. Estrada de Lavandeira, 4, baixo, Ordes.
- E.P.M., con DNI nº 00000000, alta de saneamento doméstico, en Lg. Reboredo, 43, baixo, Ordes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

2º.- Os usuarios do servizo de abastecemento de auga e saneamento veñen obrigados ó cumprimento do establecido nos arts. 5, 38 e 39 do Regulamento do Servizo.

PUNTO QUINTO: COMUNICACIÓNS PREVIAS FOGOS DE ARTIFICIO.

Comunicación presentada por **COMERCIAL PONTECARREIRA, S.L.**, con CIF nº B15680622, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, de realización de espectáculo público de fogo de artificio neste termo municipal (materia regulamentada inferior a 10 kg).

Visto o informe da policía local.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O espectáculo pirotécnico comunicado adecúase á lexislación vixente, debendo observarse ás condicións seguintes:

- Días e lugar:
 - Día 15, 16 e 17/04/2017, Lg. Igrexa, Mercurín, Ordes.
- Deberá determinarse unha zona de seguridade ao público e a edificacións, que deberá estar pechada ou acoutada e suficientemente vixiada, considerándose como referencia válida as táboas de distancias incluídas na Instrución Técnica Complementaria nº 8 ao Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería aprobado por R.D. 563/2010, de 7 de maio.
- A realización de espectáculo público de fogos de artificio **estará prohibida** nos terreos forestais e zonas de influencia forestal no caso de que pola Consellería do Medio Rural se estableza o concello de Ordes como concello con **IRDI extremo**, para o cal deberá facerse unha consulta da actualización diaria que se fai na páxina web da consellería http://www.medioruralemor.xunta.es/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/.

PUNTO SEXTO: SOLICITUDE INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA, SE PROCEDE, SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE EQUIPAMENTOS TÉRMICOS DE BIOMASA PARA O ANO 2017, COFINANCIADOS FEDER, PROGRAMA OPERATIVO FEDER-GALICIA 2014-2020, RESOLUCIÓN 14/03/2017 (DOG Nº 57, DE DAT 22/03/2017).

Publicada a Resolución do 14/03/2017, pola que se establecen as bases reguladoras de subvención para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo FEDER, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Visto o disposto nos arts. 1,2 e 5 da Resolución do 14/03/2017.

Vistas as instalacións municipais nas que pode mellorarse a súa eficiencia enerxética mediante a instalación de equipamentos térmicos que utilicen biomasa como combustible.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar as memorias técnicas seguintes:

- Instalación de caldeiras de biomasa na piscina climatizada comarcal “Iván Raña Fuentes”, redactada por Guillermo Penedo Cobelo, enxeñeiro industrial, cun orzamento de execución por contrata de **134.384,20 euros**.

2.- Solicitar do Instituto Enerxético de Galicia, ao abeiro da Resolución do 14/03/2017, unha subvención por importe de **cento sete mil cincocentos catro con dezaseis euros (107.504,16 €)**, para a caldeiras de biomasa na piscina climatizada comarcal “Iván Raña Fuentes”.

PUNTO SÉTIMO: EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Visto o escrito presentado por D. A.E.S., en representación de Mapfre Familiar, S.A. e de R.C.A.M., en reclamación de indemnización de 324,64 € e 300 €, respectivamente, polos danos sufridos por este último no vehículo da súa propiedade, marca Audi A4 2.5 TDI, matrícula 9249DVJ, o pasado día 08/11/2015, na estrada Ordes-Mercurín, á altura do p.q. 8,300, ao pasar por encima dun bache, e en consideración aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 13 de outubro de 2016 e número 6405 tivo entrada no Rexistro deste Concello unha reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Antonio Edreira Sánchez, en representación de Mapfre Familiar, S.A. e de Roberto Carlos Alonso Martín, en reclamación de indemnización de 324,64 € e 300 €, respectivamente, polos danos sufridos por este último no vehículo da súa propiedade, marca Audi A4 2.5 TDI, matrícula 9249DVJ, o pasado día 08/11/2015, na estrada Ordes-Mercurín, á altura do p.k. 8,300, ao pasar por encima dun bache.

Segundo.- A indemnización por danos e prexuízos causados se cuantifica polos reclamantes nas seguintes cantidades: 324,64 € a favor de Mapfre Familiar, S.A., e 300,00 € a favor de Roberto Carlos Alonso Martín, aportando factura xustificativa de 324,64 € e outra por 300,00 €, ambos documentos emitidos por Técnicas de Automoción Oscar, S.L., da Coruña. Ao mesmo tempo, únese un informe de Mapfre Familiar sobre valoración de danos, por importe de 624,64 €, especificándose a existencia dunha franquicia por importe de 300,00 €, quedando o importe restante na cantidade de 324,64 €.

Terceiro.- Os reclamantes acompañan, así mesmo, informe Area realizado pola Garda Civil de Tráfico, no que se sinala, entre outras cuestións, que a calzada está seca e limpa; que o estado climatolóxico é despexado, que non hai obras, que o firme non ten parches e que o accidente prodúcese ás 20,20 horas e a intervención policial ás 21,15 horas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Por outra banda, tal como consta no Informe do Xefe do Servizo, a estrada Ordes-Cerceda ten instaladas varios sinais verticais de “perigo por baches” e de “limitación de velocidade a 50 qms/h”, independentemente de que non estivese algunha de devanditos sinais instalada no lugar exacto do accidente.

Cuarto.- Notificado o trámite de proba o día 02/01/2017, non se fixo uso do mesmo polos reclamantes, quedando xa que logo a proba limitada aos documentos aportados co escrito inicial, co valor probatorio que a cada un corresponda. Así mesmo, figuran unidos ao expediente os documentos, Informes da Policía Local e do Xefe do Servizo, aportados por esta Entidade Local, atendendo a petición dos interesados.

Quinto.- Con data 22/02/2017 foilles notificado aos reclamantes o trámite de audiencia do interesado, sen que os mesmos fagan uso do seu dereito dentro prazo concedido ao efecto, tal como determínase no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O principio de responsabilidade da Administración, co precedente constitucional nos artigos 106.2 e 149.1.18, atópase na actualidade regulado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (artigos 32 a 37). O artigo 32 recolle o principio xeral nos seguintes termos: “Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei”.

Esta norma ten o seu desenvolvemento, desde o punto de vista procedimental, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (arts. 53 a 111).

E na esfera das administracións locais o artº 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local establece que “As Entidades Locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa”.

No mesmo sentido, o artº 223 do R.D. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais dispón que “As entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación, en exercicio dos seus cargos, das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa”.

Segundo.- Tal como sinala a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 6ª, de 20 de maio de 1998, un exame sucinto dos elementos constitutivos da responsabilidade patrimonial da Administración, permite concretalos do seguinte modo:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

- a) O primeiro dos elementos é a lesión patrimonial equivalente a dano ou prexuízo na dobre modalidade de lucro cesante ou dano emerxente.
- b) En segundo lugar, a lesión defínese como dano ilexítimo.
- c) O vínculo entre a lesión e o axente que a produce, é dicir, entre o acto danoso e a Administración, implica unha actuación do poder público en uso de potestades públicas.
- d) Finalmente, a lesión ha de ser real e efectiva, nunca potencial ou futura, pois o prexuízo ten natureza exclusiva con posibilidade de ser cifrado en diñeiro e compensado de xeito individualizable, debéndose dar o necesario nexos causal entre a acción producida e o resultado danoso ocasionado.

E conforme ao artigo 67.1 da Lei 39/2015, o dereito a reclamar prescribirá ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo. En caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo empezará a computarse desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Ademais, é de ter en conta que a Sala Terceira do Tribunal Supremo declarou reiteradamente (así en Sentenzas de 14 maio, 4 xuño, 2 xullo, 27 setembro, 7 novembro e 19 novembro 1994 [RJ 19944190, RJ 19944783, RJ 19946673, RJ 19947361, RJ 19948578 e RJ 19948834], 11 febreiro 1995 [RJ 19951229], ao resolver o Recurso de Casación 1619/1992, fundamento xurídico cuarto e 25 febreiro 1995 [RJ 19952096], ao resolver o Recurso de Casación 1538/1992, fundamento xurídico cuarto, así como en posteriores Sentenzas de 28 febreiro e 1 abril 1995 [RJ 19951495 e RJ 19953226]) que a responsabilidade patrimonial da Administración, contemplada polos artigos 106.2 da Constitución, 40 da Lei de Réxime Xurídico da Administración do Estado de 1957 e 121 e 122 da Lei de Expropiación Forzosa, configúrase como unha responsabilidade obxectiva ou polo resultado na que é indiferente que a actuación administrativa sexa normal ou anormal, bastando para declarala que como consecuencia directa daquela, produciuse un dano efectivo, avaliable economicamente e individualizado.

Pero, por contra, non debe esquecerse o que declarou, de forma reiterada, o Tribunal Supremo (por todas, sentenzas de 5 de xuño de 1.998, de 13 de setembro de 2.002 e de 30 de setembro de 2.004), ao sinalar que non é acorde co referido principio de responsabilidade patrimonial obxectiva a súa xeneralización máis aló do principio de causalidade, aínda de forma mediata, indirecta ou concorrente, de maneira que, para que exista aquela, é imprescindible a existencia de nexos causal entre a actuación da Administración e o resultado lesivo ou danoso producido, e que a socialización de riscos que xustifica a responsabilidade obxectiva da Administración cando actúa ao servizo dos intereses xerais non permite estender dita responsabilidade ata cubrir calquera evento, o que, noutras palabras, significa que a prestación pola Administración dun determinado servizo público e a titularidade por parte daquela da infraestrutura material para a súa prestación non implica que o vixente sistema de responsabilidade patrimonial obxectiva das Administracións Públicas converta a estas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de previr calquera eventualidade desfavorable ou danosa para os administrados que poida producirse con independencia do actuar administrativo, porque pola contra transformárase aquel en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Terceiro.- Polo que se refire á carga da proba, conforme ao artigo 67.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, cando o procedemento iníciase a instancia do interesado, este deberá especificar as lesións producidas, a presunta relación de causalidade entre estas e o funcionamento do servizo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

público, a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, si fose posible, e o momento en que a lesión efectivamente produciuse, e irá acompañada de cantas alegacións, documentos e informacións estímense oportunos e da proposición de proba, concretando os medios de que pretenda valerse o reclamante.

E o artº 77.1 de devandita Lei determina que “os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en Dereito, cuxa valoración realizar de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuciamento Civil”.

Xa que logo, a normativa administrativa esixe probar a realidade dos danos e a súa causa para merecer o éxito da pretensión indemnizatoria, réxime que é o mesmo previsto na normativa procesal, a tenor do disposto no artigo 217 da LEC (Lei 1/2000. De 7 de xaneiro), ao que se remite o artigo 60 da Lei 29/1998, de 13 de xullo (LJCA). En idéntico sentido pronúncianse as SsTC 217/1998, 10/2000, 135/2001, 3/2004, así como as SsTS de 13/03/89, 29/11/91, 19/02/94, 17/03/95, 22/01/00, 24/10/02, 02/04/08, 15/04/11, 17/07/12, e a STSJ de Galicia de 23/03/13.

No presente caso, os reclamantes non aportaron proba algunha sobre o acaecemento dos feitos, e o informe Area da Garda Civil de Tráfico, non ratificado en vía administrativa, únicamente refire as manifestacións do condutor do vehículo, ao non observar os axentes intervintes os feitos de forma inmediata e directa. Ademais, o informe de devanditos axentes non contén ningunha foto do bache, nin dos danos, nin do lugar dos feitos, polo que, non sabemos si realmente había algún bache na zona concreta do accidente, ou si os danos causados no vehículo correspóndense co paso sobre algún bache.

Así mesmo, ao non ser os axentes actuantes testemuñas dos feitos, non é posible determinar a velocidade á que podería circular o vehículo ao seu paso polo suposto bache, nin tampouco si o condutor incumpriu algunha norma de circulación, xa que cunha condución moderada e adecuada poderíase evitar o referido bache. Neste sentido hai que recordar o que di o artº 46 do Regulamento Xeral de Circulación, sobre a obrigação de chegar, ata, a deter o vehículo cando as circunstancias da circulación así o esixisen (apartados i e k de devandito artº).

Por outra banda, consta no expediente informe da Policía Local de Ordes, que sinala o seguinte: “En relación co accidente arriba apuntado, onde se implicou o vehículo 9249DVJ, tras revisar os partes diarios de servizo, non consta actuación en devandito sinistro”.

E o informe do Xefe do Servizo de conservación e mantemento de obras e servizos deste Concello de ORDES concreta que “a estrada ten numerosos sinais de limitación de velocidade de 50 qms/h, así como sinais de existencia de (perigo por baches), tal como consta nas fotos unidas a este informe”.

Engade o devandito informe que no p.q. 8,300 a calzada presenta firme regular e adecuado para a circulación de vehículos, non observándose o bache de grandes dimensións a que fai referencia a denuncia do reclamante, e finaliza sinalando que non se ten constancia da existencia dos feitos polos cales reclámase.

En definitiva, nada se chegou a probar polos reclamantes, nin os feitos, nin o lugar, nin os danos. E tampouco constan nos arquivos da Policía Local nin nos do Xefe do Servizo de mantemento de obras e servizos desta Entidade Local.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Cuarto.- Aínda no suposto de aceptar (cuestión imposible, xa que non hai proba algunha respecto diso) que os feitos producíronse tal como manifestou o condutor aos axentes da Garda Civil de Tráfico (cuxo informe Area non foi ratificado polos axentes actuantes), é evidente que a vía Ordes-Cerceda, ten varios sinais verticais de límites de velocidade (50 qms./h., e ata algunha de 40 qms./h), ás cales figura unida a lenda “perigo baches”. Xa que logo, si o condutor circulase á velocidade adecuada e coas debidas precaucións, o accidente non se produciu. Por outra banda, non se probou, por ningún medio, a existencia do bache causante do sinistro.

Tamén ha de considerarse que o artº 3 do Regulamento Xeral de Circulación aprobado por Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, dispón “que se deberá conducir coa dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo”; que o artº 17 establece que “os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos”; que o artº 45 sinala que “todo condutor está obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos e a ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación, e, en xeral, cantas circunstancias concorran en cada momento, a fin de adecuar a velocidade do seu vehículo a elas, de maneira que sempre poida detelo dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo que poida presentarse “, e que o artº 46 determina que se circulará a velocidade moderada e, si fose preciso, deterase o vehículo, cando as circunstancias esíxano, especialmente nos casos seguintes: i) No cruzamento con outro vehículo, cando as circunstancias da vía, dos vehículos, ou as meteorolóxicas ou ambientais non permitan realizalo con seguridade; k) Nos casos de néboa densa, choiva intensa, nevada, ou nubes de po ou fume.

Por todo o cal, podemos determinar, claramente, que o accidente foi debido a unha inobservancia, por parte do condutor, dos límites de velocidade e dos sinais que advertían do perigo por baches na calzada, así como dos preceptos do Regulamento Xeral de Circulación, e que hai que apuntar como única causa eficiente do accidente, dándose unha ruptura do nexos causal que, en consecuencia, e polo que aquí interesa, impide trasladar a responsabilidade ao funcionamento normal ou anormal- dos servizos públicos municipais.

A maior abundamento, non habéndose demostrado a existencia do bache ou baches (non se aportaron fotos nin documentos respecto diso, nin polos Axentes, nin polos reclamantes) no lugar concreto, p.q. 8.300 da estrada Ordes-Cerceda, en que se produce o accidente, é imposible esixir a responsabilidade ao ente titular da vía. É dicir, non se chegou a probar fehacemente a relación eficiente de causalidade entre o actuar administrativo e os danos producidos.

Neste sentido, a sentenza do TSJ de Madrid, Sala C.A.,Sec.2ª, núm. 930/2007, no seu fundamento xurídico cuarto, di: “A acción que exercita a compañía aseguradora o é por subrogación da do seu asegurado conforme ao artigo 43 da Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro , segundo o cal o asegurador, unha vez paga a indemnización poderá exercitar os dereitos e as accións que por razón do sinistro correspondesen ao asegurado fronte ás persoas responsables do mesmo, ata o límite da indemnización. E fundamenta como feitos causantes da responsabilidade patrimonial, os seguintes feitos: O día 17 de Xullo de 2001, sobre as 5,15 horas, Don Jose Carlos conducía o vehículo Renault Clío matrícula-FXF pola rúa Felisa Méndez de Madrid; e á altura do nE 24 atopouse cun obstáculo, o cal non puido evitar, e a consecuencia de pasar por encima do mesmo, prodúcense danos na roda dianteira dereita que queda rebentada, así como na llanta de devandita roda. Unha vez parado o vehículo o condutor



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

comprobou que era unha alcantarilla que se atopaba elevada sobre o nivel da rúa e sen ningún tipo de sinalización. Para que poida triunfar a pretensión exercitada é preciso que se acrediten cumpridamente os feitos en que dita pretensión susténtase. O artigo 217 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuciamiento Civil establece que cando, ao tempo de ditar sentenza ou resolución semellante, o tribunal considerase dúbidosos uns feitos relevantes para a decisión, desestimará as pretensións do actor ou do reconvinte, ou as do demandado ou reconvido, segundo corresponda a uns ou outros a carga de probar os feitos que permanezan incertos e fundamenten as pretensións. Establecendo o apartado 6º que para a aplicación do disposto nos apartados anteriores deste artigo o tribunal deberá ter presente a dispoñibilidade e facilidade probatoria que corresponde a cada unha das partes do litixio. Non existe proba algunha dos feitos xa que non se aportou proba testifical, e nin sequera aportáronse unhas fotografías do lugar dos feitos. Non é suficiente a declaración unilateral do asegurado ante a Policía Nacional cando interpuxo a denuncia. En consecuencia o recurso contencioso-administrativo ha de ser desestimado ao ser o acto administrativo axustado a Dereito?.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial solicitada Mapfre Familiar, S.A. e por D. R.C.A.M., representados por D. A.E.S., en relación cos danos e prexuízos causados ao vehículo do reclamante, marca Audi A4 2.5 TDI, matrícula 9249DVJ, cando circulaba pola estrada que une Ordes con Cerceda, á altura do p.q. 8,300, ao pasar por encima dun bache, o pasado día 8 de novembro de 2015, denegando as indemnizacións de 324,64 € e de 300,00 €, respectivamente, que interesaban como compensación de devanditos danos.

PUNTO OITAVO: AUTORIZACIÓNS VENDA AMBULANTE.

Solicitudes de autorización do exercicio da venda ambulante na Vila de Ordes no mercado periódico que ten lugar todos os mércores do ano nas rúas da Feira, Praza da Feira e rúa do Muíño, período 2.017-2021.

A documentación presentada polos solicitantes axústase o establecido no art. 19 da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante (BOP nº 192, de data 23/08/05).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aceptar a renuncia á autorización do exercicio da venda ambulante, con efectos de 31/03/2.017, na Vila de Ordes no mercado periódico que ten lugar todos os mércores do ano nas rúas da Feira, Praza da Feira e rúa do Muíño, polas persoas seguintes:

Nome	DNI	Posto	Zona	Superficie posto (m ²)	Produto
KAMAL HICHAM	00000000	154	Rúa da Feira	32	Téxtil
MANUEL ANTONIO	00000000	100	Rúa da Feira	21	Patacas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

COUSO FERNÁNDEZ					
DANIEL JIMÉNEZ ESCUDERO	00000000	133	Rúa da Feira	28	Téxtil
MARINA DE LOS ÁNGELES PONCELA CASTRO	00000000	540	Praza da Feira	28	Artigos de regalo

2º.- Autorizar o exercicio da venda ambulante, con efectos de 01/04/2017, na Vila de Ordes no mercado periódico que ten lugar todos os mércores do ano nas rúas da Feira, Praza da Feira e rúa do Muíño, polas persoas seguintes:

Nome	DNI	Novo Posto	Zona	Superficie posto (m ²)	Produto
KAMAL HICHAM	00000000	156	Rúa da Feira	32	Téxtil
MANUEL ANTONIO COUSO FERNÁNDEZ	00000000	160	Rúa da Feira	21	Patacas
DANIEL JIMÉNEZ ESCUDERO	00000000	530	Praza da Feira	28	Téxtil
MARINA DE LOS ÁNGELES PONCELA CASTRO	00000000	538	Praza da Feira	28	Artigos de regalo

3º.- Autorizar o exercicio da venda ambulante, con efectos de 01/04/2017, na Vila de Ordes no mercado periódico que ten lugar todos os mércores do ano nas rúas da Feira, Praza da Feira e rúa do Muíño, polas persoas seguintes:

Nome	DNI	Novo Posto	Zona	Superficie posto (m ²)	Produto
DARIO ROQUE ROSSIER MOURIÑO	00000000	127	Rúa da Feira	24	Téxtil
CARMEN IGLESIAS MANTEIGA	00000000	133	Rúa da Feira	32	Téxtil
NORDDINE DAHMOUNI	00000000	145	Rúa da Feira	24	Téxtil
SALAH MAHDAOUI EL AATFI	00000000	154	Rúa da Feira	32	Téxtil
ESTHER SALAZAR LÓPEZ	00000000	215	Rúa do Muíño	16	Artigos de regalo

4º.- O exercicio da venda ambulante axustarase as normas establecidas na Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no Municipio de Ordes e en particular as seguintes:

- **Período de vixencia:** ata o 31 de decembro de 2.021, entendéndose caducada a partir desa data, sen que sexa precisa a súa notificación. Non é posible a súa prórroga, **debendo solicitarse unha nova autorización antes do 30 de novembro de 2.021.**
- A autorización enténdese concedida con **carácter provisional e en precario.** Podendo ser revocada de forma motivada polo Concello, sen que exista dereito a indemnización.
- A autorización ten carácter **persoal e intransferible.**
- **Non é posible** proceder ó traspaso, cesión ou aluguer do posto polo titular da autorización
- **Horario de instalación:** de 7:00 a 9:00 horas.
- **Horario de funcionamento:** de 9:00 a 14:00 horas.
- **Horario de recollida:** de 14:00 horas a 16:00 horas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

- O estacionamento dos vehículos na rúa será unicamente nas horas de instalación e recollida, durante o tempo necesario para completar as labores de descarga e carga de mercaderías, sen supoñer un obstáculo para a circulación de vehículos
- Únicamente poderán comercializarse os produtos autorizados.
- O posto deberá situarse no lugar, días e horas indicados, ocupando os metros concedidos.
- Entre parcela e parcela deberá quedar un corredor de 0,50 m.
- Non se causarán molestias e incomodidades que perturben a orde pública.
- Os postos deberán manterse ordenados e en perfectas condicións hixiénicas e de seguridade.
- O remate da actividade feiral deberán recollerse nun recipiente os refugallos producidos durante a venda, depositándoos nos contadores de recollida de lixo.
- O xénero colocado nos saíntes non deberá sobrepasar a liña de mostrado.
- Deberá expoñerse en lugar visible do posto a Tarxeta acreditativa da autorización.
- O vendedor ambulante debe coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.
- O incumprimento das condicións anteriores e as establecidas na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante poderán dar lugar a revogación da autorización, sen prexuízo da iniciación do correspondente procedemento sancionador.

5º.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor as taxas e dereitos que corresponde satisfacer pola autorización outorgada, das que o ingreso nas arcas municipais será requisito imprescindible para a efectividade da licenza que se concede.

6º.- A autorización deberá ser expedida polo Secretario deste Concello servindo ós interesados como documento acreditativo desta concesión.

PUNTO NOVENO: INFORME FAVORABLE, SE PROCEDE, VIABILIDADE DA CELEBRACIÓN DE PROBA DEPORTIVA.

Expediente de autorización de carreiras ou marchas ciclistas, informe sobre a viabilidade da celebración da proba deportiva “**XVI VOLTA CICLISTA A PROVINCIA DE A CORUÑA**”, o 19 de maio de 2017 (Expdte. C-PD-50/2017), que discorrerá por este termo municipal.

Visto o disposto nos arts. 64 e 75.b do Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto e art. 2.2.a do Anexo II, Sección 1ª do R. D. 1428/2003, de 21 de novembro.

Vista a memoria da actividade a realizar.

Vistas as estradas deste municipio polas que discorrera a carreira.

Visto o informe favorable emitido pola policía local.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

1º.- Informar favorablemente a viabilidade da celebración da proba deportiva “**XVI VOLTA CICLISTA A PROVINCIA DE A CORUÑA**”, o 19 de maio de 2017 (Expdte. C-PD-50/2017), que discorrerá por este termo municipal, coa observación seguinte:

2º.- Remitir copia deste informe á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

PUNTO DÉCIMO: COMUNICACIÓNS PREVIAS, LICENZAS URBANÍSTICAS.

Expediente instruído a instancia de **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, con CIF nº A63222533, con enderezo a efectos de notificacións en Avda. de Arteixo, 171, A Coruña, solicitando a regulamentaria licenza municipal para a execución en solo de núcleo rural (solo non urbanizable de núcleo rural, área 2 – NN2) e solo rústico de protección ordinaria (solo non urbanizable común, NU), de obras: reforzo e extensión da rede aérea d baixa tensión existente e extensión da rede de baixa tensión subterránea existente, sobre canalización existente e proxectada para subministro de enerxía eléctrica a bombeo existente, en Lg. Ceidón, Ordes (DP3802, Ordes a Ponte Carreira, pq 0+415), segundo proxecto técnico das obras realizado por D. Miguel Ángel Bernal López, enxeñeiro industrial, cun orzamento de execución material de **euros 3.742,30 (Expdte. 279/2.016 – SIGEM 2.016/U022/000039)**.

Visto a resolución da Deputación Provincial, de data 14/12/2016, autorizando as obras, expdte. 2016000010307.

Vista a resolución da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, de data 18/01/2017, en materia de servidumes aeronáuticas, expdte. L17-0000.

Vista a resolución da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, de data 10/03/2017, en materia de servidumes aeronáuticas, expdte. L17-0010.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal pola conformidade das obras coa lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de cinco votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- Conceder licenza urbanística para as obras solicitadas axustada ás seguintes condicións xerais:

1º.- As obras axustaranse ó proxecto técnico presentado, que ten a consideración de documento público, calquera modificación ou cambio de uso, ou destino das obras, requirirá unha nova licenza, dándose por suposto que son certos e exactos os datos aportados polo solicitante, sendo o seu cargo os danos e prexuízos que poida orixinarlle a súa inexactitude.

2º.- A licenza concédese agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

3º.- A execución das obras axustarase as seguintes condicións particulares:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

- Sinalizarase a zona afectada instalándose os sinais de protección axeitados, non podendo obstaculizarse o tráfico rodado.
- Adoptaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.
- Repararanse e reporanse os danos ocasionados na vía pública pola instalación.
- As obras non poderán afectar a servizos ou redes municipais.

